

2008 Asemblea Xeral Ordinaria

Acta da Asemblea Xeral do Clube de Montaña Xistra realizada o 22 de febreiro de 2008, ás 20:30 horas en primeira e única convocatoria, no local da rúa Zaragoza nº 62 baixo.

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
- 2.- Cambios na Xunta Directiva
- 3.- Estado de Contas.
- 4.- Aumento das cotas sociais
- 5.- Actividades e resumo de actividades.
- 6.- Rogos e preguntas.

XUNTA DE GOBERNO

Asisten:

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle	Presidente
Ricardo Echevarría Covelo	Vicepresidente
F. Fabio Freixeiro Cameselle	Secretario - Tesoureiro

ASISTENTES

Antonio Iglesias García
Xosé Lois Freixeiro López
Loli Román Villar
Edelmiro Soto Gil
M^a Begoña Landesa Torrado
Roberto López Iglesias
Jorge Antonio Pérez Blanco
Antonio Paredes Chapela
Andrés Marín González
José Angel Yugueros Davila
Raúl Leirós Gutiérrez
Sabela Freixeiro López
Rosa López Ledo

PUNTOS DA ASEMBLEA

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.

Lidas polo Sr. Presidente son aprobadas por unanimidade.

2.- Cambios na Xunta Directiva

Por motivos de carácter persoal o Sr. Secretario e Tesoureiro D. F. Fabio Freixeiro Cameselle, ten que deixar o seu cargo e solicita que o seu posto sexa ocupado por outro socio do clube que teña posibilidades de cumprir coa súa función. Neste caso aproveitase para designar a nova Xunta Directiva do Clube de Montaña Xistra, polo que tras a consulta ós socios e por acordo unánime a directiva queda coma segue:

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle	Presidente
Ricardo Echevarría Covelo	Vicepresidente
M ^a Begoña Landesa Torrado	Secretaria - Tesoureira
Raúl Leirós Gutiérrez	Director Técnico
Antonio Paredes Chapela	Vogal Descensos
Rosa López Ledo	Vogal Actividades

Acórdase comunicar este cambio á Federación e á Xunta de Galicia, así como preparar o troco das sinaturas recoñecidas en Caixanova para a conta corrente do Clube. Entanto non sexa comunicado este cambio a estas tres institucións e se teña feito o traspaso definitivo, o Sr. F. Fabio Freixeiro Cameselle, actuará como Secretario e Tesoureiro Saínte en Funcións.

3.- Estado de contas.

O Sr. Presidente dá lectura do Estado de Contas, que é aprobado por tódolos presentes.

Aprobase o gasto para este ano 2008 en material deportivo: en material individual e colectivo para descenso de barrancos, en material de orientación e seguridade como GPS e ARVAs (Aparato de Rescate de Víctimas de Avalanchas)

4.- Aumento das cotas sociais.

O Sr. Presidente fai unha breve exposición de motivos para o aumento de cota e fai a observación sobre a necesidade de autofinanciamento e subvencións establecidas dende o Clube para os socios, para solicitar un incremento da cota social de 4€ a 10€ para o exercicio 2009. É aprobado por tódolos presentes.

5.- Actividades.

O Sr. Presidente fai unha relación das actividades do ano 2007 e menciona ós participantes das mesmas.

Son indicados os socios que percibirán subvencións por participar en actividades baremadas pola FGM, así como os importes correspondentes. Establecese fora de baremo uns premios adicionais de 10 euros a Begoña Landesa e Roberto López pola súa colaboración na comunicación de actividades e pola presentación de memorias.

Neste exercicio (2008), Xistra organizará as actividades da Marcha de Vivac e o Descenso de Barrancos da FGM.

Propónse a celebración de actividades sociais que serán comunicadas ós socios e que esixirán da colaboración e de asistencia (descenso de barrancos, curso de GPS, rutas sendeiristas, etc).

O Presidente comprométese a colaborar economicamente dende Xistra en tódalas actividades dos socios que sexan comunicadas (a ser posible previamente) e das que posteriormente se reciba un breve resumo e unha fotografía. Para isto, o Presidente propón establecer un baremo e uns premios ós socios que organicen actividades e que entreguen memorias das mesmas. Será comunicado, tras o estudo por parte da Xunta Directiva, na páxina web.

6.- Rogos e preguntas.

Son solicitadas pequenas aclaracións que son contestadas polo Presidente.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 21:40 horas. Como Secretario Saínte en Funcións, eu, Fabio Freixeiro, co visto e prace do Sr. Presidente, dou fe.

V^opa

O Presidente

Secretario da Asemblea